





Casa das Campás
Vicerreitoría do Campus de Pontevedra

Rúa Don Filiberto 9-11; 36002 Pontevedra



Asunto: Constitución Comisión Ambiental. Programa de actuación de Green Campus

Estimados/as Sres./as Decanos/as e Directores de Centro:

De conformidade cos compromisos asumidos pola Universidade de Vigo e ADEAC, o Programa de actuación no Campus de Pontevedra contempla a creación de estruturas de participación en materias medioambientais en cada Centro. Esta canle institucional está orientada a permitir a recollida das respectivas especificidades e sensibilidades en cada Escola e Facultade do Campus.

Con este motivo remito esta comunicación solicitándolle que proceda á constitución da Comisión Ambiental do seu Centro. Segundo os criterios establecidos no Programa de actuación, a mencionada Comisión estará composta, ademais do decano/a ou director e secretario/a do Centro, por 2 profesores/as, 3 alumnos/as e 1 PAS.

Unha vez realizada a constitución formal, rogaríalle que comunicase a esta Vicerreitoría os datos dos integrantes da Comisión Ambiental antes do 5 de decembro de 2014.

Atentamente,

Pontevedra, 18 de novembro de 2014
O Vicerreitor do Campus de Pontevedra



Juan Manuel Corbacho Valencia